



INFORME

DIRIXIDO A: SECRETARIA

EMITIDO POR: Carmen Mariño Padín, directora do S.P.A.D.

ASUNTO: Necesidade de licitación do contrato de prestación de servizos consistentes na realización dun obradoiro de cerámica e técnicas artesanais no SPAD e insuficiencia de medios.

DATA: febreiro de 2024

Dende a área de Dirección do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias emítese informe co obxecto de iniciar os trámites da licitación do contrato para monitor de obradoiro de cerámica e técnicas creativas artesanais.

OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do contrato do servizo de obradoiro de cerámica e técnicas artesanais no S.P.A.D. (Unidade de Día) de Vilagarcía de Arousa, destinado a pacientes a tratamento no mesmo.

NECESIDADE A SATISFACER

1. Correspondelle ao S.P.A.D. :

- O establecemento das condicións de acceso e permanencia no obradoiro.
- A tramitación dos procedementos de solicitude de participación na actividade.
- Determinación dos pacientes admitidos.
- Resolución, en xeral, de todas as incidencias relacionadas co réxime interno do Servizo.

2. O persoal que preste o servizo non terá en ningún caso vinculación xurídica nin relación laboral co Concello de Vilagarcía de Arousa, xa que ostenta a calidade de autónomo.

3. O obradoiro levarase a cabo nas instalacións da Unidade de Día do S.P.A.D.(Juan Carlos I Nº 37-Baixo, 36.600 Vilagarcía de Arousa).

4. Os **obxectivos** do Obradoiro son:

- A formación de carácter xeral dos asistentes a obradoiro en técnicas cerámicas así como técnicas artesanais diversas.
- A mellorar a capacidade de cada usuario en canto a habilidades, actitudes e competencias manipulativas, incluíndo o desenvolvemento de habilidades motrices finas e grosas.
- A utilización do traballo en grupo como factor de socialización.
- A procura do desenrollo de hábitos de orde, limpeza e responsabilidade.
- fomento da iniciativa e a creatividade individual e grupal dos participantes.
- A promoción do desenvolvemento de intereses persoais que permitan completar o proxecto vital do paciente.
- A mellora da atención e concentración moitas veces danada pola propia adicción.
- Fomento do compromiso social dos usuarios.



- A sensibilización e compromiso das distintas entidades co problema da adicción.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

Criterios xerais

1. Os contratistas presentarán unha “Proposta Técnica” de desenvolvemento do obradoiro na que se detallarán as actividades a impartir, especificando os seus contidos e metodoloxía.
2. O órgano competente do S.P.A.D. determinará, unha vez realiza a inscrición dos usuarios, o horario semanal do obradoiro.

DURACIÓN E CONTÍA DO CONTRATO

1. O contrato terá unha duración de 12 meses (4,5 horas semanais), prorrogable polo mesmo tempo, ata un máxima de 3 prorrugas (duración máxima do contrato 4 anos, incluídas as prorrugas).
2. O orzamento anual elevaríase a 12.636,00€ (IVE excluído)
3. O valor estimado do contrato é de 50.544€ € (exento de IVE).

PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O contrato ao que fai referencia a presente memoria é, polo seu obxecto, un contrato de servizos tal e como contempla o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O procedemento de adxudicación será mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria de conformidade co establecido no artigo 156 da Lei de Contratos de Sector Público.

Criterios de adxudicación

Conforme ao disposto na LCSP e ao anteriormente establecido, a adxudicación realizarase en base a unha pluralidade de criterios que buscan a mellor relación calidade-prezo.

As ofertas dos licitadores valoraranse ata un máximo de **100 puntos**, conforme aos criterios obxectivos de adxudicación, ordenados por orde decrecente de importancia, que a continuación se indican e coa ponderación sinalada ó lado de cada criterio.

A.- Aspectos disponibles automaticamente: Valoraranse ata un máximo de **51 puntos**.

A.1) Menor prezo ofertado polo licitador: Valorarase ata **25 puntos**.



A puntuación calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = \frac{(\text{prezo licitación} - \text{oferta a valorar}) \times \text{puntuación máxima}}{(\text{prezo licitación} - \text{oferta más económica})}$$

A.2). Dispoñer, o persoal que se vaia adscribir ao servizo, do certificado de Docencia da formación profesional para o emprego (Certificado de Profesional del Formador Ocupacional, o Formador de Formadores, na súa denominación anterior) ou Máster Universitario en Formación del Profesorado (anteriormente Certificado de Aptitude Pedagóxica). Outorgárselle **26 puntos** ao licitador que dispoña deste título, que se deberá acreditar no presentación da oferta.

B) Aspectos non disponibles automaticamente: Valorarase cun máximo de 49 puntos.

B-1) Proposta técnica: valorarase ata un máximo de **49 puntos**.

Os licitadores deberán presentar unha **proposta técnica** sobre o proxecto a desenvolver na cal deberán especificarse, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Metodoloxía e secuenciación das actividades. Valorarase ata un máximo de **20 puntos**
- Sistemas de avaliación, seguimento e control, **ata 9 puntos**
- Adaptación do programa formativo ao entorno no que se levará a cabo o servizo, destinado a pacientes do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias. Valorarase ata un máximo de **20 puntos**.

MEDIOS HUMANOS

1. O contratista deberá adscribir á execución do contrato unha persoa que reúna os seguintes requisitos mínimos:
 - Carta de artesán: cerámica
 - Ter unha experiencia mínima de 1 ano na impartición de obradoiros similares a colectivos con necesidades especiais (drogodependentes, persoas en risco de exclusión social, educación especial, adultos con discapacidade, etc.)
2. O interlocutor do SPAD co adxudicatario será fixado polo Concello.
3. O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento das normas en materia de protección e tratamiento de datos de carácter persoal e co respecto a confidencialidade e ao segredo profesional sobre os pacientes.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias (S.P.A.D.) do Concello de Vilagarcía de Arousa presta atención socio-sanitaria a persoas con problemas derivados do uso de drogas e outras adiccións.



O S.P.A.D. conta persoal especializado en Traballo Social, Psicoloxía Clínica, Médico con especialidade en drogodependencias e, dentro das labores realizadas polo mesmo, está a de emitir informes de evolución para os xuíces, servizo do menor, servizos sociais, etc. Así mesmo, conta con outros profesionais como Educadores Sociais, DUE, Auxiliar de Clínica e Aux. Administrativo.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece, no seu artigo 116.4, a obriga de xustificar adecuadamente no expediente, no caso dos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Visto o obxecto do contrato e os perfís profesionais, anteriormente indicados, do persoal do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias (S.P.A.D.), queda xustificado que o Concello de Vilagarcía de Arousa non conta co persoal preciso (en canto a cantidade ou especialización) para a execución directa por esta administración dos servizos obxecto do contrato, necesarios para favorecer a formación e reinserción dos pacientes deste servizo.

En base ao anterior, faise necesario proceder á licitación do contrato de servizos consistentes na realización dun obradoiro de cerámica e técnicas artesanais no S.P.A.D.

A blue ink handwritten signature, appearing to read 'Carmen Mariño Padín'.

Carmen Mariño Padín
S.P.A.D.